

O PSOE de Baleira acusa ao Goberno local de ser “incapaz” de xestionar o temporal de neve dos últimos días

Os socialistas consideran “inexplicable” que o concello tan só despregase un tractor e unha cuchilla cando noutras ocasións había o dobre de medios para atender as incidencias producidas por esta causa

Fronte a esta “ineficacia”, destaca o traballo realizado polos empregados municipais que, malia “a falla de previsión do concello”, “souberon estar á altura e traballaron a reo”, así como a Deputación de Lugo; administración, subraia, “que fixo un excelente traballo para normalizar a situación nas estradas que son da súa titularidade”

BALEIRA, 10 DE FEBREIRO DE 2015.- Os socialistas de Baleira acusan ao Goberno municipal de ser “incapaz” de xestionar as consecuencias do temporal de neve que azoutou a provincia nos últimos días. Deste xeito, consideran “inexplicable” que o concello tan só despregase un tractor e unha cuchilla cando noutras ocasións había o dobre de medios para atender as incidencias producidas polos temporais.

“Non podemos aceptar que non existan medios mecánicos e persoal especializado cando somos un dos municipios da provincia máis afectados por este tipo de temporais e, sobre todo, cando noutras ocasións si que se puxeron a disposición dos veciños”. Deste xeito, consideran que “esta ineficacia e esta falla de previsión son inxustificables, pois aínda que só fose polo traballo dos medios de comunicación todos sabiamos que estabamos en alerta. Era obriga do alcalde levar levar a cabo medidas preventivas”, insisten.

A este respecto, “e co fin de que non se volva a producir unha situación semellante”, reclámanlle ao rexedor e ao seu equipo de goberno “que exerzan a súa responsabilidade”, xa que “non podemos arriscarnos a que os nosos veciños queden incomunicados e sen cubrir as súas necesidades básicas”.

Traballo dos empregado municipais e da Deputación

Fronte ao que considera “unha deixación de funcións imperdoable”, o grupo municipal socialista louba o traballo realizado polos empregados municipais que “souberon estar á altura e traballaron a reo para atender as incidencias”. O mesmo, engade, que a Deputación de Lugo; administración, destaca, “que fixo un excelente traballo para normalizar a situación nas estradas que son da súa titularidade”.